

Lendo en abril 2007

Interrelacionar os campos de aprendizaxe e deixar esvarar a literatura entre as fendas resulta un modo de operar moi vantaxoso para os nenos, tanto porque amplía o seu contacto coa literatura e o seu convencemento de que forma parte do mundo, como polo poder desta para mudar as demais aprendizaxes en algo máis vívido.

Teresa Colomer: *Andar entre libros*



SUMARIO

- Ler en abril, en maio, en xuño...
- Campaña de lectura: Hora de ler
- Plan de mellora de bibliotecas escolares
- A escritura como xogo
- Experiencias en bibliotecas escolares

Ler en abril, en maio, en xuño...

Todos os anos, meses e días son tempo de lectura, pero hai algún que aparece máis sinalado no calendario.


En abril, atopamos o Día Internacional do Libro Infantil (2 de abril) e o Día Mundial do Libro e os Dereitos de Autor (23 de abril).



No Día Mundial do Libro, promulgado pola Unesco, celébrase a morte dalgúns grandes autores da literatura universal, como Cervantes e Shakespeare; nesta data, entréganse os premios Cervantes e en Cataluña celebran o San Jordi, no que se regalan libros e rosas.

O 2 de abril, conmemórase o nacemento de Andersen, a proposta do IBBY. Cada ano, a Internacional Board on Books for Young People encárgalle a un país membro desta organización a elaboración dun cartel por parte dun ilustrador e unha mensaxe da man dun autor. Nesta ocasión, correspondeulle á sección de Nova Celandia; Margaret Mahy escribiu o texto e Zalk Waipara é o autor do cartel.

Aínda que as celebracións promoven o libro e a lectura literaria, dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares propónse, tamén nestas datas, a lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.



Non esquecín nunca como aprendín a ler. Cando era cativa, as palabras corrían diante dos meus ollos como pequenos escaravellos escorregadizos. Pero eu era máis intelixente ca elas. Aprendín a recoñecelas sen me importar a súa veloz carreira. Por fin, por fin puiden abrir libros e entender o que estaba escrito. Fun capaz de ler contos e chistes e poemas eu soa.

Por suposto, houbo sorpresas. A lectura deume poder sobre os contos e dalgunha maneira tamén lles deu aos contos poder sobre min. Nunca puiden fuxir deles. É parte do misterio da lectura.

Un abre o libro, acolle as palabras e a historia que é boa explota no noso interior. Aqueles escaravellos que corren en liña recta dun lado para o outro da páxina en branco convértese primeiro en palabras e logo en imaxes e sucesos máxicos. Aínda que certas historias pareceran non ter nada que ver coa vida real... aínda que se transformen en sorpresas de todo tipo e estarríquen as súas posibilidades dun lado ao outro coma unha goma elástica, ao final os contos que son bos devólvennos a nós mesmos. Están feitos de palabras e todos os seres humanos queremos ter aventuras coas palabras.

Case todos empezamos como oíntes. Cando aínda somos naipelos, as nosas nais e os nosos pais xogan con nós, recítannos rimas, tócanos os dedos dos pés ("Este dedillo comprou un ovo...") ou aplauden con nós ("Palmas, palmiñas..."). Os xogos con palabras resoan en voz alta e, como nenos, escoitámoslos e rimos con eles. Despois, aprendemos a ler a tinta negra sobre a folla branca e mesmo cando lemos en silencio unha certa voz está presente. De quen é esa voz? Pode ser a túa propia voz, a voz do lector. Pero é máis ca iso. É a voz da historia falando desde o interior do lector.

Desde logo hai distintas formas de contar historias estes días. As películas e a televisión teñen historias que contar aínda que non usen a linguaxe da mesma maneira que os libros. Os autores que traballan en guións de televisión ou cine a miúdo deben usar poucas palabras. "Que as imaxes contan a historia", din os expertos. Vemos televisión con outros, pero cando lemos case sempre estamos sós.

Vivimos nunha época na que o mundo está cheo de libros. É parte da travesía do lector encontrar na xungla dos escritos algunha historia que salte de maneira máxica... algunha historia tan emocionante e misteriosa que o transforme. Creo que cada lector vive por ese momento no que a palabra cotiá cambia para dar paso a unha nova broma, a unha nova idea, a unha nova oportunidade que trae unha nova verdade dada polo poder das palabras. "É certo", di a voz no noso interior, "Recoñézote!". Que emoción ler!





Margaret Mahy

Campaña: Hora de ler

No ano 2006, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria iniciou unha campaña de fomento da lectura en centros escolares baixo o lema *HORA DE LER*, que continúa ao longo deste curso 2006/2007 coa distribución entre todo o alumnado galego dunha serie de materiais destinados a despertar o seu gusto polos libros e outros recursos culturais ao seu alcance.

Os obxectivos da campaña fanse evidentes cando se observa o contido dos materiais editados:

- *Facer visible a biblioteca escolar nos centros educativos, como espazo para a lectura (todo tipo de lectura, en todo tipo de soportes), como lugar de encontro coa palabra e a imaxe, e de apertura á propia realidade e a outras realidades distintas e distantes.*
- *Poñer en valor a actividade da lectura, á que lle cómpre dedicar un tempo, integrándoa nos nosos hábitos de lecer e no noso espazo cotián.*
- *Poñer á disposición do profesorado materiais que poidan apoiar as súas propias iniciativas de cara á formación e consolidación do hábito lector, e que respondan ás demandas realizadas a través das avaliacións de campañas de lectura anteriores.*

Son destinatarios da campaña *HORA DE LER* todos os nenos e nenas de ensino infantil e primario da Comunidade Autónoma galega, así como os rapaces e rapazas do primeiro ciclo de ensino secundario.

Hora de ler

Á vista das necesidades e intereses propios do alumnado dos diversos niveis educativos no referente á lectura, deseñouse unha campaña en dúas fases: unha primeira, de sensibilización, dirixida a todos os centros de ensino non universitario, mediante a edición de materiais para a difusión dun lema, *HORA DE LER*, e unha imaxe motivadora, coa pretensión de despertar o interese e facer unha primeira chamada de atención.



O lema elixido fai mención ao tempo: porque se precisan tempos e espazos para a lectura; porque como toda necesidade básica, debe integrarse no tempo cotián das nenas e dos nenos, dende moi pequenos, para chegar a consolidarse como hábito saudable; porque ao longo do día sempre hai un tempo especial, unha "hora de":

- Hora de comer
- Hora de xogar
- Hora de durmir
- Hora de bañarse
- Hora de ler

É *hora de ler* porque seguimos precisando historias.

É *hora de ler* porque queremos saber máis.

É *hora de ler* porque debemos salvagardar a nosa memoria, darlles a coñecer aos nenos e nenas o patrimonio cultural da sociedade na que medran

A lectura é un dereito, en ocasións é un deber, pero tamén unha necesidade básica do ser humano: alimento para a linguaxe e o pensamento, alimento para a curiosidade natural e as ganas de saber que toda persoa ten, vacina contra o aburrimiento e a pasividade, medicina indicada en todo tipo de doenzas e recurso indispensable para se manexar con habilidade na araña de información tecida arredor da sociedade actual.

HORA DE LER quere tamén, nunha interpretación que precisa ser flexible e adaptable a contextos diferentes, aludir á incorporación dun tempo específico para a lectura no horario escolar, que a nova lexislación educativa marca para o ensino primario, e á necesidade de afrontar os retos da competencia lectora e o fomento da lectura como obxectivo compartido por parte de todo o profesorado, tamén no ensino secundario.

Os materiais da segunda fase, específicos para cada unha das etapas educativas (infantil, primaria e 1.º ciclo de secundaria), están pensados para que o profesorado poida integralos na súa programación anual e nas dinámicas de traballo que teña previstas no ámbito do fomento da lectura,

tanto na biblioteca escolar como nas aulas.

En todos os materiais deseñados está presente a idea da viaxe: a lectura é unha viaxe que comeza co nacemento e os cantos de berce, coa adquisición da linguaxe e os primeiros contos e cantos e que, no caso de consolidarse como hábito, non remata nunca. Enfrontar a vida coas súas dificultades e os seus atrancos, gozar a vida tamén, cos seus momentos de alegría e de sorte, todo iso forma parte da viaxe. A lectura pode ser refuxio, guía, espello, equipaxe... para esa longa camiñada.

Cómpre dicir que toda a imaxe gráfica da campaña é da autoría do ilustrador galego Óscar Villán e que a idea e os textos son obra dun grupo de docentes experimentadas no ámbito da lectura e das bibliotecas escolares, o colectivo *Acatrotintas*, formado polas profesoras Mayte Leis, Juana Vázquez, Magdalena de Rojas e Cristina Novoa.

¡Contamos moito!

Os materiais destinados aos máis pequenos pretenden ser "a outra cartilla", unha caste de tarxeta sanitaria da lectura, a pequena equipaxe para iniciar a súa andaina como lectores: contén recursos para as familias e o profesorado, para os mediadores, que faciliten o seu labor de introdución da poboación máis nova no mundo da lectura, así como un *Libro dos meus libros*, un álbum para ir plasmando a experiencia lectora dos pequenos



¡De letra en letra, eu leo porque me peta!

As nenas e nenos de 1.º e 2.º ciclo de ensino primario terán oportunidade de coñecer ou de revisar os contos clásicos mentres xogan cos *Sete contos e unha oca*: un especial xogo da oca que lles permitirá revisar algúns momentos cruciais de contos, como *Carapuchiña vermella*, *O gato con botas* ou *O parruliño feo*, todos eles contos nos que a idea da viaxe está especialmente presente. O xogo complementase cun álbum de cromos e unha guía do profesorado con suxestións diversas para o tratamento dos contos clásicos e tradicionais e actividades de narración oral, lectura e escritura.



Ler o mundo

Un mesmo lema e uns materiais semellantes para os lectores de 3.º ciclo de ensino primario e 1.º ciclo de ensino secundario. Búscase promover o hábito de ler mediante unha proposta de diario de lectura, o *Caderno de viaxe*, que sirva á expresión da creatividade do alumnado a partir da lectura que faga, seleccionada de forma autónoma ou no contexto de libros de viaxe que se propoñen na guía de lectura: títulos sobre esta temática que poderán atopar nas bibliotecas familiares, escolares ou públicas, e nas librerías. Acompañaese dunha guía para o profesorado con múltiples suxestións sobre a forma de utilizar estes materiais ou de poñer en marcha un club de lectores ou unha actividade de *Libros viaxeiros*, unha caste de *bookcrossing* circunscrito aos centros escolares. No interior do *Caderno de viaxe* aparecen uns textos aos que cómpre buscarlles o autor e o título da obra da que foron extraídos. Proximamente, na páxina de Bibliotecas Escolares darase a coñecer o resultado deste enredo, aínda que a solución está xa agochada na guía de lectura sobre viaxes, que se inclúe nos diarios e nas guías do profesorado.



Rede de bibliotecas escolares de Galicia

A Lei orgánica de educación recolle, no seu artigo 113, **unha mención específica ás bibliotecas escolares** e sinala, entre outras cuestións, que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes recursos educativos **contribuirán a fomentar a lectura, e a que o alumnado acceda á información e a outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e a que poida formarse no uso crítico destes**, para o que deben axudar estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, previstos na propia lei. O punto 4 deste artigo sinala que a organización das bibliotecas escolares deberá permitirlle o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros.

A presenza dunha biblioteca escolar, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, é imprescindible para acadar os obxectivos pedagóxicos da institución educativa e constitúe un indicador da calidade do ensino que esta oferta.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén realizando diversas actuacións que procuran a existencia de bibliotecas escolares útiles nos centros escolares galegos. Por outra parte, e como resultado dos acordos de colaboración co Ministerio de Educación nesta materia, remitíronse aos centros axudas significativas procedentes das dúas administracións, destinadas á actualización das coleccións. Todos os centros de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanza especial recibiron no ano 2006 unha dotación de 4.500 € para fondos da biblioteca escolar. A finais do mesmo ano, todos os centros de ensino infantil e primario recibiron cantidades comprendidas entre 600 € e 2.100 € (dependendo do número de unidades), tamén destinados a libros e a outros materiais informativos en distintos soportes.

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares, dependente da Subdirección Xeral de Centros (Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa), artículanse as diversas iniciativas de cara ao desenvolvemento da rede de bibliotecas escolares de Galicia.



I Encontros de Bibliotecas Escolares de Galicia (novembro 2006)

Os días 10 e 11 de novembro achegáronse a Santiago profesoras e profesores de toda Galicia, responsables e dinamizadores das bibliotecas escolares, interesados en mellorar a súa formación e coñecer prácticas de interese neste ámbito. A actividade, integrada no Plan anual de formación do profesorado da Consellería de Educación para o curso 2006/2007, reuniu un total 450 asistentes que puideron intercambiar reflexións e experiencias relacionadas especialmente coa promoción da lectura no contexto educativo.



Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares, 2006/2007 (marzo 2007)

O mes de marzo foi un mes de encontros e reencontros. Os responsables das bibliotecas escolares incluídas neste programa da consellería tiveron a oportunidade de avanzar na formación que lles permita afrontar con máis recursos a coordinación deste servizo educativo. Relatores de grande interese, como Laura Andreu, Julián Pascual, Catuxa Seoane, Elisa Rey Búa, Víctor Freixanes, Glòria Durban, Rosa Piquín,



Javier Celaya, Inmaculada Velloso e Daniel Cassany achegaron as últimas investigacións, entre outras, no campo da alfabetización informacional, as novas tecnoloxías aplicadas ao ámbito das bibliotecas ou a lectura. Estes encontros serviron tamén para o intercambio de materiais elaborados desde estas bibliotecas, para o fomento da lectura ou a educación documental.

Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia - 2007

Celebráronse en Santiago de Compostela, no Pazo de Congressos, os días 19 e 20 de outubro. É unha actividade integrada no Plan anual de formación do profesorado, para o curso 2007/2008.

O obxectivo destas xornadas é aprofundar nalgúns aspectos do ámbito das bibliotecas escolares, a lectura e a educación en información. Celébranse cunha periodicidade bianual, intercalando cos *encontros*, máis centrados no intercambio de experiencias. As xornadas deste ano 2007 achegaranlle ao profesorado as últimas tendencias en materia de proxectos lectores e o papel da biblioteca escolar na adquisición das competencias básicas contempladas nos currículos.

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Este programa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten como obxectivo impulsar a transformación das bibliotecas escolares en auténticos “centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe”, espazos dinámicos integrados plenamente na institución escolar, que sirvan para dar resposta ás necesidades da comunidade educativa no referente á lectura informativa ou literaria, ao acceso eficaz ás fontes documentais en calquera soporte e á aprendizaxe autónoma.

Integrarse no plan de mellora supón asumir, entre outros compromisos:

- Arbitrar as medidas organizativas necesarias para que as bibliotecas lle presten servizos amplos e diversos a toda a comunidade escolar.
- Adaptar estes recursos educativos a un novo modelo de biblioteca, no que estean presentes todos os soportes e formatos (materiais impresos, multimedia e electrónicos).
- Xestionar os fondos de forma centralizada, para un maior aproveitamento destes por parte de todos os destinatarios deste servizo.
- Organizar as fontes documentais de acordo cunhas pautas e

sistemas estandarizados, facilitando o acceso directo a todos os recursos, na medida do posible, e evitando barreiras innecesarias entre os libros e os lectores.

- Integrar os recursos da biblioteca escolar no tratamento do currículo e nas actividades de ensinanza e aprendizaxe.
- Incluír, nas actividades de dinamización programadas, cuestións referentes á formación de usuarios, educación no acceso e uso da información e promoción de hábitos de lectura.
- Participar nas actividades de formación programadas especificamente para o profesorado responsable da biblioteca escolar.

Os centros seleccionados reciben un apoio económico significativo destinado á renovación do mobiliario e do equipamento básico e á actualización dos fondos da colección, así como asesoramento desde a Subdirección Xeral de Centros/Asesoría de Bibliotecas Escolares, que coordina este programa.

Na convocatoria correspondente ao curso 2006/2007, incorporáronse a este plan de mellora 60 novos centros, repartidos por toda a xeografía galega, que veñen sumarse aos 40 centros anteriores:

CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA
CEIP DE VENTÍN	AMES	A CORUÑA
IES DE AMES	AMES	A CORUÑA
IES MANUEL MURGUÍA	ARTEIXO	A CORUÑA
CPI SAN VICENTE	BAÑA (A)	A CORUÑA
IES AS MARIÑAS	BETANZOS	A CORUÑA
IES RAMON MENENDEZ PIDAL	A CORUÑA	A CORUÑA
CEP TARRÍO - CULLEREDO	CULLEREDO	A CORUÑA
CEIP IBÁÑEZ MARTÍN	FERROL	A CORUÑA
CEIP PAZOS	FERROL	A CORUÑA
IES URBANO LUGRIS	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A CORUÑA
IES AS TELLEIRAS	NARÓN	A CORUÑA
IES FERNANDO ESQUIÓ	NEDA	A CORUÑA
IES XULIAN MAGARIÑOS	NEGREIRA	A CORUÑA
IES MARÍA CASARES	OLEIROS	A CORUÑA
CEIP CAMPOMAIOR	ORDES	A CORUÑA
IES POETA ANÓN	OUTES	A CORUÑA
CEP XOSÉ MARÍA BREA SEGADE	RIANXO	A CORUÑA
CEIP PALMEIRA	RIBEIRA	A CORUÑA
CEIP LAMAS DE ABADÉ	SANTIAGO DE C.	A CORUÑA
CEIP IGREXA SOMOZAS	SOMOZAS (AS)	A CORUÑA
CEIP A RAMALLOSA	TEO	A CORUÑA
CPI VIAÑO PEQUENO	TRAZO	A CORUÑA
CEIP DE PRÉSARAS	VILASANTAR	A CORUÑA
CPI ZAS	ZAS	A CORUÑA
CPI LUIS DÍAZ MORENO	BARALLA	LUGO
IES DA TERRA CHÁ, JOSÉ TRAPERO PARDO	CASTRO DE REI	LUGO
IES LAMA DAS QUENDAS	CHANTADA	LUGO
IES DE FOZ	FOZ	LUGO
IES POETA DÍAZ CASTRO	GUITIRIZ	LUGO

CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA
CEIP A PONTE	LUGO	LUGO
IES A PINGUELA	MONFORTE	LUGO
IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO
IES MANUEL CHAMOSO LAMAS	CARBALLIÑO (O)	OURENSE
IES CELANOVA	CELANOVA	OURENSE
CPI LAUREANO PRIETO	GUDIÑA (A)	OURENSE
IES PORTOVELLO	OURENSE	OURENSE
CEIP ROGELIO GARCÍA YÁÑEZ	RAMIRÁS	OURENSE
IES CIDADE DE ANTIOQUIA	XINZO DE LIMIA	OURENSE
CEIP CASTRILLÓN	CANGAS	PONTEVEDRA
IES DE RODEIRA	CANGAS	PONTEVEDRA
CPI A CAÑIZA	CAÑIZA (A)	PONTEVEDRA
CEIP OCA	ESTRADA (A)	PONTEVEDRA
IES LAXEIRO	LALÍN	PONTEVEDRA
CEIP QUINTELA	MOAÑA	PONTEVEDRA
CEIP PENA DE FRANCIA	MOS	PONTEVEDRA
CEIP DE VIDE	NEVES (AS)	PONTEVEDRA
CEIP FERMÍN BOUZA BREY	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
CEIP STO. PAIO DE ABAIXO	REDONDELA	PONTEVEDRA
IES SALVATERRA DE MIÑO	SALVATERRA	PONTEVEDRA
CEIP CRUCEIRO	SANXENXO	PONTEVEDRA
IES SANXENXO	SANXENXO	PONTEVEDRA
IES VILALONGA	SANXENXO	PONTEVEDRA
CEIP NÚM. 1	TUI	PONTEVEDRA
CRA MESTRA CLARA TORRES	TUI	PONTEVEDRA
IES VALGA	VALGA	PONTEVEDRA
CEIP CARRASQUEIRA	VIGO	PONTEVEDRA
CEIP DOUTOR EIJO GARAY	VIGO	PONTEVEDRA
CEIP O POMBAL	VIGO	PONTEVEDRA
CEIP VIRXE DO ROCÍO	VIGO	PONTEVEDRA
CEIP O PIÑEIRIÑO	VILAGARCÍA	PONTEVEDRA

Nova convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares 07/08

Proximamente, publicarase no DOG, por terceiro ano consecutivo, a convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2007/2008.

A nova convocatoria non presenta grandes novidades con respecto as de anos anteriores en canto aos requisitos e documentación para presentar. Si contempla tres modalidades: centros que xa levan máis de dous anos integrados no programa, que percibirían (no caso de aprobación da memoria pertinente), unha asignación para mantemento da colección, e o equipo directivo deberá arbitrar as medidas necesarias que aseguren a continuidade e consolidación deste recurso; centros que estarían incluídos por segundo ano no programa e novos centros seleccionados: en ambos os dous casos as contías asignadas serán significativas e destinaranse sempre á adquisición de novos fondos, equipamento audiovisual e mobiliario específico. En total, o orzamento destinado a este programa é de 678.000 €.

Por outra parte, a nova convocatoria fai referencia ao papel da biblioteca escolar no deseño e desenvolvemento do proxecto lector de centro que, a partir do vindeiro curso, deberán elaborar todos e cada un dos centros educativos, segundo se contempla na normativa curricular da consellería.

Unha biblioteca que se transforma

CEIP de SIGÜEIRO (Oroso)



A biblioteca do CEIP de Sigüeiro experimentou unha transformación nos últimos anos, que se manifesta tanto no físico coma no funcionamento. En canto ao primeiro, pásase de non ter unha localización propia, a un espazo inicial de 60 m² e, finalmente, ao actual, duns 120 m², distribuídos en zona de xestión, zona de lectura informal, zona de traballo en grupo, zona de traballo individual e zona multimedia. Respecto do funcionamento, a biblioteca escolar converteuse no centro de recursos que dota de contido académico e cultural todas as actividades transversais que se celebran no centro (magosto, samaín, Entroido, paz...), tamén serve de apoio ao desenvolvemento do currículo facilitando o acceso á información en distintos soportes e fomenta a lectura.



No curso 2003-2004, partindo dunha situación non definida na que os fondos da biblioteca estaban dispersos polo centro e, polo tanto, non se podía acceder a eles de forma efectiva, asignóuselle a un

grupo de profesoras a tarefa de botar a andar a biblioteca escolar. Para isto, despois de analizar a situación, deciden formarse, mediante cursos, actividades de formación en centros (GT "Biblioteca escolar", PFAC "Biblioteca escolar: organización e dinamización" e SP "Integración da biblioteca escolar no currículo") e visitas a outras bibliotecas e, por último, definen como ha de ser a nova biblioteca: un lugar de documentación, desde onde se xestionarán todos os recursos informativos do centro -impresos, audiovisuais e dixitais-, que terá como fin principal apoiar o traballo do alumnado e profesorado e desenvolver o gusto pola lectura.



Este novo espazo, así acondicionado, inaugurouse no primeiro trimestre do presente curso cunha semana de actividades culturais, que incluíu encontros con cinco autores e un ilustrador, dúas conferencias para as familias, cinco exposicións, títeres, contacontos, ciclo de literatura e cine, actuación dun músico galego subvencionado pola ANPA...

Agora, coa nova biblioteca que ocupa ese espazo físico e mental que todo o centro lle reconece, confiamos en que o futuro nos depare unha escola máis innovadora e activa.

Ines Blanco

Responsable da biblioteca do CEIP de SIGÜEIRO (Oroso)

<http://www.ceipsigueiro.org/>

Para facer realidade este proxecto, o equipo da biblioteca asumiu as seguintes funcións:

- Xestión técnica e divulgación de fondos que inclúe as tarefas de recompilación de materiais, expurgo, reparación, rexistro, catalogación, informatización...

- Adquisicións e actualización de fondos, conforme a un protocolo definido a partir da análise da situación e as suxestións de todo o equipo docente.

- Dinamización, que inclúe:

Fomento da lectura a través do plan lector, no que se recollen todas as actividades: sistemáticas (lectura colectiva, lectura individual, orientacións e recomendacións sobre a lectura, creación de textos, presentación de libros lidos) e **puntuais** (encontros con autores, murais, boletíns informativos para as familias, representacións, recomendacións de libros, exposicións, celebracións, contos multimedia) que se realizan no centro arredor da lectura, así como o tempo e/ou lugar onde se levan a cabo.

Formación de usuarios. Para familiarizar os lectores co uso da biblioteca, deseñáronse varias actividades: a creación da mascota Nica; uns marcadores que lle permiten ao alumnado acceder aos documentos e devolvelos ao seu sitio; fichas, cromos e dominó para a realización de xogos que facilitan o uso autónomo da biblioteca; elaboración e difusión das normas de funcionamento...

Educación documental, integrando o uso da biblioteca no desenvolvemento do currículo. O reto maior que agora mesmo se presenta é a integración do uso da biblioteca no proceso de ensino e aprendizaxe. Para isto, ademais do apoio básico e fundamental en todos os contidos transversais, nestes dous últimos anos deseñáronse tres proxectos específicos con esta finalidade: Río Tambre, Mozart e Os celtas. No seu desenvolvemento, despois da elección do tema, realizouse unha busca de documentación sobre este en todos os soportes, na biblioteca do centro ou noutras, buscáronse colaboracións externas que participaron enriquecendo o proxecto, fíxose unha relación dos materiais atopados e expuxéronse para a consulta de todos, elaborouse unha proposta de actividades e, finalmente, o alumnado realizou un monográfico sobre o tema que pasa a formar parte dos fondos bibliográficos.

Desta maneira, a biblioteca foi implicando cada vez a máis profesorado e, no curso 2005, o centro resulta seleccionado no Plan de mellora de bibliotecas escolares, o que achega novos recursos que permiten unhas maiores expectativas, de forma que a comunidade escolar fai unha aposta fundamental e propón unha nova localización para a biblioteca, para o que conta coa axuda inestimable do Concello.



Camiñando...

Saber abre camiños e eses camiños pasan pola biblioteca e **Bibliotecamiña** son os lemas dos proxectos anuais de actividades da biblioteca do IES Auga da Laxe (Gondomar), dos cursos 2005-2006 e 2006-2007. Teñen en común a idea da adquisición do coñecemento como un camiño e da biblioteca como acompañante nese camiño de aprendizaxe. E aínda que a nosa biblioteca leva moitos anos acompañando as actividades académicas do noso centro, ao servizo de toda a comunidade educativa, é certo que foi nestes dous últimos cursos en que formamos parte do Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe), da Consellería de Educación, cando levamos adiante un proxecto máis planificado e cohesionado de actividades de formación de lectores e de dinamización e animación á lectura. De feito, creo que compartimos esa impresión colectiva que se respira nos foros e actividades de formación de que as nosas bibliotecas se moven, camiñan, grazas ao traballo entusiasta de moitos profesionais da educación que ven nas bibliotecas escolares a ferramenta fundamental arredor da cal deben xirar os procesos de aprendizaxe que se desenvolven nos centros de ensino.

Desde hai moitos anos, os fondos da biblioteca do noso instituto —na actualidade, uns 13.000 volumes— están informatizados e organizados segundo a clasificación decimal universal (CDU). Desde hai dous anos, funciona un grupo estable de apoio á biblioteca formado por once profesores e profesoras de diferentes departamentos didácticos que se encarga das actividades de xestión e organización dos fondos, así como das actividades de dinamización. A sala principal da biblioteca dispón de 80m², o que supón unha evidente limitación que nos levou a habilitar outros espazos alternativos en diferentes zonas do instituto, para podermos ofrecer servizos que non tiñan cabida na sala principal. Así, en febreiro do 2006, inauguramos un **punto de lectura informal** no patio central, fronte ao acceso principal do centro, onde temos a prensa do día, os volumes de banda deseñada, as revistas, un punto de escoita con tres reprodutores de CD nos que o Departamento de Música vai facendo propostas semanais e un recanto da poesía no que cada semana ofrecemos un poema nun expositor acompañado de fotocopias reducidas para que se poida levar unha copia; abrimos tamén unha **mediateca**, na que estamos a centralizar todos os recursos audiovisuais e multimedia

do instituto, con especial atención ao cine, do que ofrecemos servizo de préstamo nas fins de semana e, finalmente, habilitamos un **punto de traballo** no segundo andar do instituto, no que dispoñemos dunha mesa de traballo con dicionarios e material de referencia, especialmente pensado para o alumnado que ten materias soltas ou para as sesións de reforzo. Esta apertura de espazos fóra da biblioteca, ademais de solucionar as limitacións de metros que tiñamos, permitiunos achegarlle ao alumnado e facer máis visibles no centro moitos materiais que na propia biblioteca pasaban desapercibidos e tiñan un uso escaso.

Ese mesmo obxectivo de crear espazos para o encontro cos libros e a lectura levounos a deseñar un proxecto de actuación que, baixo o nome de **Ler nas aulas**, pretende habilitar tempos para a lectura individual e silenciosa dentro do horario lectivo. A iniciativa, que se vai botar a andar no terceiro trimestre do presente curso nos tres grupos de primeiro da ESO, permitirá que o alumnado lle poida dedicar á lectura individual os tempos que voluntariamente o profesorado das distintas materias ceda con esta finalidade, así como as horas de garda derivadas da ausencia dalgún profesor. O alumnado poderá ler os libros que libremente escolla dunhas bibliocaixas que a biblioteca vai enviar a cada aula, cunha selección variada de lecturas que irán rotando dunhas aulas a outras.



Coincidindo co Día Internacional das Bibliotecas Escolares, organízanse anualmente actividades de **formación de lectores** nas que procuramos que participe a totalidade do alumnado do centro.

Funciona tamén no instituto o **grupo Líber** de animación á lectura que, entre outras cousas, edita desde hai máis de dez anos un boletín informativo da biblioteca. Nestes dous últimos cursos, botamos a andar tamén un **club de lectura** con frecuencia trimestral: facemos un convite aberto a ler un libro ou unha selección de libros sobre un tema, para logo xuntármolos —ás veces, coa presenza do autor— e conversar sobre esas lecturas. Esta é unha das actividades que nos permitiu

incorporar as nais e pais, un camiño que xa iniciáramos o ano pasado cunha charla-coloquio para as familias con Agustín Fernández Paz, e que agora continuaremos coa apertura dunha sección para nais e pais na biblioteca na que ofreceremos diferentes materiais relacionados con temas educativos.


Procuramos que en cada trimestre haxa un libro de atención preferente arredor do cal se organicen actividades nas que se impliquen departamentos distintos, o que nos permite unha profundización maior na lectura e un aproveitamento interdisciplinar máis amplo. Este traballo complementábase con actividades periódicas (exposicións, xogos de busca, lecturas en voz alta, charlas, listaxes de recomendacións sobre un tema concreto ou para os períodos de vacacións do Nadal ou do verán, etc.), coincidindo con datas sinaladas tanto de carácter especificamente literario coma de contido educativo xeral, en colaboración coa vicedirección do centro.

A este traballo que realizamos ou coordinamos desde a biblioteca procuramos darlle a maior difusión posible a través de campañas publicitarias internas (carteis, pancartas, folletos, etc.) e enviándolles información aos medios de comunicación ou notas ás familias. Tamén tentamos que teñan presenza tanto na sección da biblioteca no sitio web do instituto (www.augadalaxe.com) coma no noso blog (<http://bibliolaxe.blogspot.com>).

En resumo, a mellora e ampliación dos espazos e dos tempos para a lectura, o avance na capacitación do alumnado e do profesorado no uso da biblioteca e na busca de información, o deseño de actividades que cheguen a toda a comunidade educativa —incluídas as familias—, a incorporación das novas tecnoloxías e a organización de actividades de dinamización integradas no proxecto educativo do centro que consigan que a biblioteca sexa un referente fundamental, tanto para a lectura individual como para os procesos de aprendizaxe, deben ser obxectivos sempre presentes nas nosas prácticas para conseguirmos que as bibliotecas escolares sigan camiñando e acaben sendo absolutamente imprescindibles nos nosos centros de ensino.

Concha Costas

Coordinadora da Biblioteca do
IES Auga da Laxe - Gondomar
www.augadalaxe.com
<http://bibliolaxe.blogspot.com>





Seve Calleja

A escritura como xogo

1. Convite á lectura

As palabras non son de ninguén, son de quen as sabe usar. Os que aínda somos aprendices temos que saber buscar nos mestres da linguaxe, que son os grandes escritores; o mellor modo de usalas, é dicir, o modelo. E así aprender a xogar con elas. E domesticalas. Hai uns que o aprenden nas clases de linguaxe ou nos cursos ou talleres de escritura e outros, pola súa conta, dun modo autodidacta, fixándose naqueles autores favoritos que un día elixiron como os seus mestres. Pero uns e outros fano lendo e escribindo, que son os dous únicos modos de acceder á linguaxe literaria para expresar vivencias, soños ou sentimentos.

Unha forma de expresar os nosos sentimentos pode ser léndoos, isto é, recoñecéndoos na obra dun escritor. A outra, tratando de expresar o lido ao noso xeito, ou sexa, imitando o que lemos, e mesmo plaxiándoo. O escritor Bernardo Atxaga (1989), na súa obra *Obabakoak*, explica: "Os escritores non crean nada novo, todos escriben as mesmas historias (...), todas as historias boas xa están escritas e, se non están escritas, sinal de que son malas". E entón, para que escribir novas historias?, preguntáronos. O propio autor vasco adiantanos a resposta: "Porque a xente esqueceas e tócanos aos novos escritores recordarllas".

Así que non ten por que ser a orixinalidade o que busquemos cando lemos ou escribimos. O que nos interesa é aprender o xeito de entender e interpretar os textos que leamos. E quizais un día, máis adiante, familiarizados coa lectura e coa escritura, sexamos quen de transmitir os nosos propios anhelos utilizando un estilo persoal.

Niso consiste ler e escribir: en analizar, interpretar, recrear, sobre todo niso, en recrear conforme a uns modelos. Así, por exemplo, se lemos na obra do Conde Lucanor o relato titulado "Lo que aconteció a un raposo que se echó en la calle y se hizo el muerto (exemplo XLIII)", e logo lemos o "Exemplo de la raposa que comía las gallinas de la aldea", contado polo Arcipreste de Hita e, máis tarde, "La raposa mortecina", que recolle Azorín, ou "El funeral de la raposa", de Gianni Rodari,

descubriremos que pouco importante é a orixinalidade e como a literatura se alimenta de si mesma. O mesmo Atxaga exprésao esplendidamente cando di: "Calquera escritor pode así crear a súa propia tradición. Pode ler *As mil e unha noites* un día e, ao día seguinte, pode ler *Moby Dick* ou *A metamorfose*, de Kafka... e esas obras, o espírito que elas transmiten, pasarán inmediatamente á súa vida e ao seu traballo como escritor".

Explícito ou non, esta podería ser a mensaxe que moitos profesores que ensinamos lingua e literatura nas aulas de secundaria lle tratamos de inculcar ao alumnado. E os nosos manuais de texto, apuntamentos, monografías e obras literarias utilizadas cos nosos rapaces e rapazas non son máis ca reforzos e apoios documentais dos que nos servimos para delimitar uns contidos e obxectivos didácticos xeralmente preestablecidos e impostos. Pero son as estratexias o que nos interesa coñecer e poder aplicar.

2. Mestres e aprendices

Unha das estratexias didácticas máis utilizadas nas clases de lingua e literatura adoita consistir na reescritura, con actitude lúdica, de textos coñecidos; algo que, como método de aprendizaxe, non difire dos empregados na adquisición de técnicas pictóricas ou musicais. O aprendiz, nunha actitude case sempre mimética, interpreta, reproduce, copia obras mestras, como un xeito de exercitarse no uso dos recursos expresivos e de mostrar a súa implicación co modelo, co lido neste caso. E esa creatividade individual ou colectiva resulta eficaz como achegamento ao feito literario, dende o momento en que o aprendiz se fai cómplice coa obra que reescribe, modifica ou amplía. E aprende, ademais, de que modo a mimese veu sendo un método creativo nas mans daqueles autores que crearon as súas obras copiando ideas, palabras, estruturas doutros. Pois ao alumno da ESO ou do bacharelato, chegado ao Renacemento e aos seus tópicos, móstraselle como o tópico do *beatus ille* de Horacio reaparece na *Oda a la vida retirada*, de Frei Luis; ou como Garcilaso reelabora o *locus amoenus* de Virxilio nas súas *Églogas*, sen ocultación ningunha da súa fonte de inspiración (... o doce

lamentar de dous pastores, Salicio xuntamente e Nemoroso, hei de cantar as súas queixas imitando...); e iso para explicar que, en definitiva, as ideas e procedementos estéticos dos autores do Século de Ouro se sustentaban no principio da imitación, un principio recollido da poética aristotélica segundo o cal un autor, ademais de imitar na súa obra a natureza, imitaba tamén aqueles mestres que tiña por modelos, como o foron os autores gregos e romanos, pois así demostraba cada creador o seu profundo coñecemento do mestre, cunha técnica que a escola seguiu empregando máis alá daqueles outros escritores románticos cuxas creacións pretendían sustentarse na inspiración e na orixinalidade creadora.

Esta técnica da imitación, que hoxe asoma na maioría dos manuais escolares invitando o alumnado a ler e a interpretar fragmentos da literatura clásica, engadíndolles escenas imaxinarias unhas veces, cambiando a súa modalidade textual ou interpolando novos elementos narrativos, outras, ten nalgúns mestres da creatividade escolar os seus máis coñecidos representantes. Profesores a pé de aula, como o italiano Gianni Rodari, a valisoletana Esperanza Ortega ou o navarro Víctor Moreno, por mencionar algúns, despregaron entre os seus alumnos, e logo en suxestivos ensaios didácticos, unha batería de suxestións, propostas, receitas... que outros moitos educadores emulan e adaptan á súa propia tarefa de ensinar a lingua e a literatura, e que non son, seguramente, senón unha sorte de incitación ao plaxio, á paráfrase, á glosa, á imitación, á intertextualidade, á tradución literaria...; un convite, en definitiva, á creación escrita.

A celebrada *Gramática de la fantasía* de Rodari (1973) é seguramente un dos paradigmas desa metodoloxía lúdica, hoxe espaxada en talleres literarios fóra e dentro dos centros escolares e tras o que foron xurdindo obras máis recentes como *El baúl volador*, de Esperanza Ortega (1986); *El deseo de leer* ou *El deseo de escribir*, ambos de Víctor Moreno (1985 e 1994); *Los talleres literarios*, de Francisco Rincón (1984); *Cómo se aprende a escribir*, de Daniel Cassany (1989); *Cómo se escribe*, de M. T. Serafini (1994); *De la lectura al texto*, de J. Caleiro Heras

Seve Calleja (Zamora, 1953) vive en Bilbao, onde traballa como profesor de ensino secundario.

É autor dun bo número de obras de literatura infantil e xuvenil en éuscaro, moitas delas traducidas ao castelán: *Aquiles y la tortuga*, *El mono Chimino*, *Los ayunos de la reina Ester*, *Querido Sapo*, *La isla de los esclavos felices*, *Buscadores de tesoros*. *Cuentos de piratas*, *Naiyakay*, *Dado puente*, *El rey sonajero*, *La mariposa transparente*, *Los bandidos del mar*, *Te regalo mi cumpleaños*, *¿Quién va a escribirte a tí?*, *¿Qué hacemos con los inmigrantes?*, *¿Tienes el diablo en el cuerpo...* e algunha ao galego *¿Por qué a M.ª Xosé lle chaman Xosé M.ª?*, *A miña bici e mais eu...*

Conta cos premios Ignacio Aldecoa, Lizardi de literatura infantil en éuscaro e Pío Baroja de novela.

Como investigador de literatura infantil, escribe múltiples artigos de crítica e didáctica en xornais e revistas. Ten publicados os libros *Lecturas animadas*, *Todo está en los cuentos* e *Literatura infantil vasca*.



(1995) ou *Todo está en los cuentos*, compendio de propostas de lectura e escritura espigadas polo autor destas liñas (1992), entre outras moitas e dispersas monografías.

De entre todas elas, a *Gramática de la fantasía*, de Rodari, que se editou orixinariamente en 1973 en Italia, co suxectivo subtítulo de *Introducción al arte de contar historias*, e que se traduciu tres anos despois aquí, é o gran manifesto creativo dun mestre de mestres que nos deixaría, ademais, medio centenar de obras como mostra fidedigna das aplicacións da súa *Gramática* e de que a literatura, ademais de para estudarse e lerse, é tamén materia de creación enxeñosa e amena, posta nas mans dos escolares. Destrezas hoxe tan coñecidas como o binomio ou as hipóteses fantásticas, as fábulas do revés, o erro creativo... serven de desculpa para utilizar os modelos literarios como el mesmo o fixo nos seus libros de fabulación; é dicir, como materia modelable e lúdica coa que obter novos textos a partir de motivos clásicos, servíndose da paráfrase, a imitación ou a deformación do orixinal. Algo que Víctor Moreno exemplifica moi ben, por exemplo, na creación de variacións sobre un mesmo tema literario, ao xeito do que facía o Oulipiano Queneau (1987) nos seus *Ejercicios de estilo*, sen ir máis lonxe.

No seu *Elogio de la receta*, con que o profesor navarro abre o prólogo do seu libro *El deseo de escribir*, expón a necesidade de imitar e recrear textos como metodoloxía básica de uso escolar. E así suxírenos que do relato de Cortázar, *Instrucciones para subir una escalera*, poden xermolar suxestións como: *Instrucciones para librarse dos prosas* ou *Instrucciones para escribir un conto de medo*. Páxinas máis alá, nun dos apartados finais do libro (*“Recapitulemos ao*

modo oulipiano”*”) proponnos unha serie de exercicios de estilo e ofrece 35 recomendacións para volver escribir unha mesma historia con leves variacións, fonéticas, léxicas, sintácticas... En fin, que entre as 200 páxinas do libro, Víctor Moreno réndelle homenaxe a Rodari, reutilizando, adaptando e ampliando as coñecidas fórmulas da súa Gramática: o erro ortográfico, a hipótese fantástica, os xogos de estruturas textuais... e apoiándose nunha suxectiva e escollida selección de referencias literarias como modelos de imitación.*

Como antes apuntabamos, as propostas lúdicas de Gianni Rodari e de Víctor Moreno son só unha mostra das moitas que existen para ensinar a ler e escribir nas nosas aulas dun modo atractivo e suxectivo. Aínda que lle poida resultar, e de feito resulta, pouco ortodoxo a unha alta porcentaxe de educadores que prefiren sobrevalorar os coñecementos gramaticais impartidos come il faut, para ser logo fielmente reproducidos en exames e controis ben delimitados e puntuables, e non tanto esas outras destrezas imaxinativas dos seus aprendices, tan dispersas e carentes de substancia académica e tan difusas, por outro lado, nos deseños curriculares ao uso. Educadores aos cales lles custa assimilar o que outro escritor e profesor, Gesualdo Bufalino, sostíña: que a palabra é un xoguete, un xoguete serio e modelable, feito de materia lingüística e co que este outro mestre italiano deixou patente que se pode xogar caprichosamente e, polo tanto, aprender a facer literatura. *Cuentos para jugar* é, de entre as súas creacións, un dos títulos máis paradigmáticos do mestre Gianni Rodari.

Cando, á parte de xogar con Rodari a crear historias fantásticas a partir de modelos literarios, un alumno que

aprende a historia literaria se dea conta de que Joyce, por exemplo, rescata na súa máis famosa novela o protagonista da epopea homérica para traelo a un tempo e un espazo máis próximos ao autor e lector actual, é probable que sinta unha secreta compracencia ao ver como os grandes mestres literatos dos que se lle fala na clase fixeron algo similar ao que a el lle están a ensinar.

Seve Calleja

Algunhas obras de referencia

CASSANY, Daniel (1987): *Describir el escribir. Cómo se aprende a escribir*, Barcelona, Paidós.

MARTÍN SANTAMARÍA, Nemesio: *Juegos literarios reunidos. Invitación a la escritura*, Bilbao, Mensajero, 1991.

MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, J. Enrique (2001): *La intertextualidad literaria*, Madrid, Cátedra.

MORENO, Víctor (1985): *El deseo de leer*, Pamplona, Pamiela.

MORENO, Víctor (1994): *El deseo de escribir*, Pamplona, Pamiela.

MORENO, Víctor (1998): *Va de poesía*, Pamplona, Pamiela.

MORET, Zulema (1987): *El juego-laberinto de las palabras*, Barcelona, Labor.

ORTEGA, Esperanza (1986): *El baúl volador*, Valladolid, Consellería de Educación e Cultura da Junta de Castilla y León.

QUENEAU, Raymond (,): *Ejercicios de estilo*, Madrid, Cátedra, 1987.

RODARI, Gianni (1973): *Gramática de la fantasía*, Barcelona, Reforma de la Escuela, 1976.

SÁNCHEZ ENCISO, J. E. RINCÓN, F. (1984). *Los talleres literarios*, Barcelona, Montesinos.

SÁNCHEZ ENCISO, J. E. RINCÓN <A[CANTO]recanto>, F (1987): *Enseñar literatura*, Barcelona, Laia.

Este ano celebramos...

- Que hai cen naceu Hergé, creador de Tintín, o heroe de banda deseñada, que apareceu en 1929 e do que se levan vendidos máis de 250 millóns de exemplares, algúns deles traducidos ao galego por Valentín Arias.
- O centenario do nacemento de Bruno Munari, autor do libro *Caperucita Roja, verde, amarilla, azul y blanca*.
- O Ano Europeo da Ciencia. Para conmemoralo, podemos buscar libros e outros materiais que nos achegan a ciencia ao día a día.
- O centenario do nacemento de Astrid Lindgren, a creadora de *Pippi Calzaslargas*, *Miguel El travieso* e *Os irmáns Corazón de León*, que podemos ler en galego.
- O Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para Todos.
- Que hai 130 anos morreu Fernán Caballero, unha escritora con nome de home, nun mundo discriminatorio para as mulleres. Rosalía de Castro dedícalle *Cantares gallegos* desta maneira, introducindo este único texto en castelán, por consideración á novelista:

“A Fernán Caballero.

- *Señora: Por ser muger y autora de unas novelas hácia las cuales siento la mas profunda simpatia, dedico a V. este pequeño libro. Sirva él, para demostrar á la autora de la GAVIOTA y de CLEMENCIA, el grande aprecio que le profeso, entre otras cosas, por haberse apartado algun tanto, en las cortas páginas en que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones, con que se pretende manchar mi pais.*

Santiago, 17 de mayo de 1863”

(Fonte: <http://bvg.udc.es>)

- O VIII centenario do *Cantar de Mío Cid*, a primeira obra narrativa extensa en lingua castelá, anónima e inspirada nas fazañas do cabaleiro Rodrigo Díaz de Vivar.
- O ano de escritor Gabriel García Márquez, autor de *Cien años de soledad*.

Da lectura en tempos de LOE

A nova lexislación educativa vén incidir especialmente na transcendencia da lectura como ferramenta básica de acceso a todas ás áreas do saber e como medio de formación persoal e social.

Cando se detallan os fins do sistema educativo, a LOE recolle no artigo 2 a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables. O mesmo artigo especifica que os poderes públicos prestarán atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre eles a dotación de recursos educativos, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas. Máis detalladamente, o artigo 19 sinala que na educación primaria, co fin de fomentar o hábito de lectura, se lle dedicará un tempo diario a esta; o artigo 26, pola súa parte, sinala como un principio pedagóxico para o ensino secundario obrigatorio, a dedicación dun tempo á lectura na práctica docente de todas as materias, coa mesma finalidade. Polo que respecta ao bacharelato, o artigo 33 da Lei orgánica de educación contempla como obxectivo o afianzamento dos hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.



Currículo e competencias básicas

Á hora de poñer en práctica estes principios pedagóxicos, a normativa curricular contempla, ademais de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación, unha serie de competencias básicas que o alumnado deberá adquirir ao longo da súa escolaridade obligatoria, co fin de lograr a súa realización persoal, e obter os recursos necesarios para vivir como cidadáns activos e ser quen de aprender de forma autónoma ao longo de toda a vida. O desenvolvemento curricular da consellería lembra que, ademais do traballo nas distintas áreas do currículo, poden favorecer ou dificultar a adquisición das competencias básicas, entre outros factores, a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar. En efecto, a presenza dunha biblioteca escolar activa e plenamente integrada na dinámica pedagóxica do centro pode contribuír especialmente á adquisición das seguintes competencias:

- **Competencia en comunicación lingüística**
- **Tratamento da información e competencia dixital**
- **Competencia cultural e artística**
- **Competencia para aprender a aprender**



Proxectos lectores de centro

Os decretos que desenvolven os currículos para as ensinanzas de ensino primario e secundario en Galicia contemplan distintos anexos que marcan a obrigatoriedade, para os centros, de elaborar e incluír nos seus proxectos educativos o proxecto lector de centro: un documento marco que integre todas as actuacións do centro, destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas directamente relacionadas.



O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo no que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións para realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos; e a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula incorporárase como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados, preferentemente, pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Os centros educativos deberán tomar decisións que permitan:

- A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, a lectura e a aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso, ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura, mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.
- O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

Cada centro deberá elaborar o seu proxecto lector a partir do seu contexto e das dinámicas de traballo que xa ten en marcha en relación co tratamento da lectura e da escritura, a educación en habilidades de información e o fomento dos hábitos lectores. Este proxecto lector será, pois, diferente en cada centro e os obxectivos deberán adaptarse, nun necesario exercicio de realismo, á situación, ás necesidades e ás posibilidades de cada comunidade escolar.



Proxecto de lectura silenciosa sostida

Montserrat Erasquin, Carmen Mazaira CEIP Emilia Pardo Bazán - A Coruña

Existía, dende hai tempo no noso colexio, unha notable inxenuidade e sensibilización polo nivel de competencia lectora do noso alumnado.

Como conseguir que sexan mellores lectores e que, ademais, gocen coa lectura?

Durante o curso 2001-2002, debatemos sobre este tema, por ciclos, analizando as dificultades observadas en cada un deles, para, a continuación, elaborar “unhas propostas de mellora”.

As propostas de cada ciclo facían referencia ás dificultades observadas no alumnado, pero tamén se indicaban actividades que funcionaban en cada grupo de idade. Ao analizar as propostas, decatámonos de que había moita variedade entre os distintos ciclos e que cumpría concretar aínda máis, polo que se elaboraron unhas “medidas concretas” para mellorar a competencia lectora do alumnado, por parte do profesorado e coa colaboración das familias.



Buscando por internet, atopamos unha páxina titulada “Programa de lectura silenciosa sostida”, onde se explicaba que estaba a ser aplicado, dende hai case vinte anos, en varios países, como Estados Unidos e Canadá, e que foi descrito por Mabel Conde Marín, en Chile.

No curso 2002-2003 e, por decisión do Claustro, púxose en práctica este proxecto.




Todos os días, de 12 h a 12,20 h, inmediatamente despois do recreo, todo o centro le en silencio un libro da súa elección, escollido na biblioteca de aula ou da súa casa, “sen pedir nada a cambio”.

Lévanse a cabo avaliacións periódicas na Comisión Pedagóxica e, polo de agora, as valoracións son moi positivas.

Co tempo, vanse introducindo, nalgunhas aulas, modificacións -como por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo- que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

O resumo do proxecto pódese ver en:
<http://ejournal.eduprojects.net/CEIPpardobazan>
Contido/2005-2006/Proxectos/Proxectode Lectura





De paseo pola OPAC

Afortunadamente, os recursos tecnolóxicos van adquirindo unha progresiva presenza nas bibliotecas escolares e, con eles, novas formas e posibilidades de acceso á información. Partindo de que unha das funcións da biblioteca é, precisamente, dotar o alumnado de estratexias de busca da información, faise necesario deseñar e implementar actividades que lles permitan adquirir estas competencias e manexar estes recursos con eficacia.

Neste sentido, un dos aspectos importantes que temos que traballar actualmente é a busca en catálogos informatizados (OPAC), sobre todo se temos en conta que na meirande parte das bibliotecas pasamos directamente de non dispor de ningún tipo de catálogo a dispoñer dun catálogo dixital.

Á hora de planificar esta actividade partimos, como vén sendo habitual nas propostas da biblioteca, das seguintes premisas: as actividades deben favorecer o traballo en equipo e a cooperación, priorizar os contidos procedementais e actitudinais que xeren unha vinculación coa biblioteca e o seu uso e, así mesmo, intentar que a proposta e os materiais sexan atractivos e motivadores para que o alumnado poida ser actor en lugar de receptor.

Tendo en conta todo isto, a actividade que lle propoñemos ao alumnado -neste caso, de segundo curso da ESO- **consiste na busca dun contrasinal para abrir un arquivo que contén un agasallo** para os que o consigan. Nin que dicir ten que todos e todas o conseguen, para iso estamos alí o profesor ou profesora que os acompaña á actividade e a responsable da biblioteca que guía o grupo.

Organizativamente, **a proposta de traballo ten tres partes diferenciadas**. Nun primeiro momento, explicámoslle o obxectivo e o desenvolvemento da actividade, facendo fincapé nas vantaxes de saber buscar no catálogo informatizado a partir de situacións que forman parte da súa experiencia persoal: dificultades que atoparon para saber se na biblioteca hai un determinado libro, para saber que documentos tratan un tema que lles interesa, etc.

A continuación, lembramos entre todos aquelas cuestións que xa se traballaron en sesións anteriores e que son pertinentes para o desenvolvemento da actividade, como por exemplo os relativos á clasificación decimal universal, a sinatura, etc.

Nunha segunda parte -de traballo dirixido- presentamos a OPAC e explicamos as súas características principais, os elementos da



consulta, como eliminar ruído restrinxindo os criterios de busca, o uso dos operadores booleanos, etc., mediante a realización de exemplos que imos facendo todos ao mesmo tempo; paralelamente, imos resolvendo as dúbidas que van xurdindo.

Finalmente, organizámoslos por parellas e presentámoslles o xogo no que teñen que poñer en práctica as estratexias que acaban de ver. Nesta fase desenvólvense a tarefa dun xeito máis autónomo, aínda que o profesorado facilita continuo asesoramento nos atrancos que van xurdindo, xa que as buscas vanse facendo progresivamente máis complexas e teñen que combinar diferentes campos e criterios para atopar os resultados.

Para comezar a xogar, repartímoslle a cada parella un mazo de cartas numeradas do un ao dez e unha folla de respostas.

Cada carta formula unha busca diferente, por exemplo: "¿Temos na biblioteca o libro...? ¿Cantos documentos máis temos do seu autor? ¿Que libros de literatura temos que traten o tema da ecoloxía?...".

Unha vez atopada a información correspondente a unha carta determinada, teñen que ler a tarefa correspondente ao número desta na folla de respostas. Aquí atoparán instrucións para pescudar unha letra ou díxito do contrasinal. Así, por exemplo, da busca n.º 1, a folla de respostas indícalles que seleccionen a primeira letra da editorial do libro en cuestión; noutro lugar, pídeselles que sinalen a letra correspondente ao número de exemplar, número de documentos atopados, primeiro díxito da clase de CDU á que pertence o documento, etc.

Deste xeito, van obtendo unha relación de letras e díxitos que constitúen o contrasinal para abrir o arquivo protexido. Ao mesmo tempo, constitúe unha autoavaliación da tarefa, xa que se o contrasinal non funciona implica que algún dato está mal e hai que identificalo e corríxilo.

Como xa dixemos, **neste proceso o profesorado asesora continuamente** e facilita as pistas e axudas necesarias. Paralelamente, proponlles retos complementarios aos grupos que avanza con máis rapidez e intenta determinar que problemas fan que outros vaian máis lentos, porque iso quere dicir que algunha estratexia non está clara e precisan unha axuda adicional. Neste sentido, o papel do profesorado que acode con eles á actividade resulta fundamental.

Finalmente, os grupos escriben o contrasinal na pantalla que se abre ao facer clic no arquivo protexido, que previamente gardáramos no escritorio dos ordenadores co nome "Top Secret". Cando escriben o contrasinal e abren o arquivo, reciben unha mensaxe de noraboa e un hipervínculo lévaos á imaxe do agasallo acadado, un sinxelo xogo de papiroflexia que teñen que pregar e co que poden seguir xogando cos

seus compañeiros. En relación con isto, hai que salientar a boa acollida deste xogo que, fronte a outros agasallos -ás veces, de máis valor económico- espertou un grande interese.

Para rematar, entrégaselles un tríptico recopilatorio das cuestións que hai que ter en conta para que as nosas buscas sexan máis eficaces.



Da avaliación da actividade, concluímos que era preciso modificar algunhas cuestións. Así, a duración da sesión —prevista inicialmente en cincuenta minutos— resultou ser insuficiente, polo que decidimos aumentala cando fixemos a actividade co outro grupo de segundo. Vimos tamén que era necesario ter unha sesión previa co profesorado que vai acompañar o alumnado para facer máis eficaz o seu apoio durante a sesión. Sobre todo porque tamén detectamos que —pese á familiarización dos rapaces e rapazas cos ordenadores— realmente non están afeitos a buscar dunha maneira sistemática o que, sumado á impulsividade no seguimento das instrucións, obriga a facer pausas intermitentes para poñernos todos no mesmo punto da actividade, co fin de garantir que entendan o que hai que facer e poidan levalo a cabo. Así mesmo, chegamos á conclusión de que o tríptico o debiamos entregar antes de comezar a terceira fase da actividade como documento de apoio. Con estas modificacións, a actividade resulta máis organizada e máis significativa para os rapaces e rapazas.

Para rematar, convén sinalar que esta actividade só pretende ser unha toma de contacto cunha das diversas ferramentas de busca de información pero que, en última instancia, serán as prácticas pedagóxicas levadas a cabo nas aulas as que a doten de funcionalidade. Neste sentido, aproveito a ocasión que me brindan estas páxinas para reivindicar a necesidade dunha metodoloxía menos dependente do libro de texto e máis aberta á construción persoal do coñecemento por parte do alumnado, a partir dos recursos documentais que progresivamente van ofrecendo as bibliotecas.

carmenloriga@edu.xunta.es



Fina Casalderrey, unha escritora para todas as idades

Nacida en Xeve (Pontevedra) a principios dos anos cincuenta, é mestra dende antes dos vinte anos e, na actualidade, profesora de ensino secundario.

É unha das escritoras máis recoñecidas, premiadas e traducidas da literatura infantil e xuvenil galega. Entre os premios recibidos, poderíanse citar o Premio Merlín 1991 por *Dúas bágoas por Máquina*, Premio O Barco de Vapor 1994 por *O misterio dos fillos de Lúa*, Premio Edebé de Literatura Infantil 1995 por *O estanque dos parrulos pobres*, Premio Lecturas por *O misterio dos fillos de Lúa*, Premio Cidade de Pontevedra 1996 pola súa traxectoria literaria e, entre todos eles, cómpre destacar o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996 por *O misterio dos fillos de Lúa*. Moitos dos seus títulos foron escollidos para formar parte da Lista de Honra de CLIJ, Lista dos mellores da década de CLIJ (*¡Puag, que noxo!* e *O misterio dos fillos de Lúa*), Lista do CCEI, na selección dos White Ravens, Premio Irmandade do Libro 2007.

Como mestra, é autora e directora de varias pezas teatrais representadas polo alumnado e algunha delas publicadas no libro *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*. A investigación etnográfica é unha das súas inquietudes e froito dela son os libros realizados, xunto con Mariano García, *O libro da empanada*, *Festas gastronómicas de Galicia* e *Repostería en Galicia*.

A súa literatura vai destinada a un grande abano de lectores, dende as primeiras idades, nas que poderán gozar de títulos como *¡Puag, que noxo!*, *¿Quen me quere adoptar?*, *Pimpín e dona gata*, *O meu avó é unha gata*, *¡Eu son eu!*, *Derradeira carta aos Reis Magos*, *Cando a Terra esqueceu xirar...*; aos lectores e lectoras autónomas, que lerán *Dúas bágoas por Máquina*, *O misterio dos fillos de Lúa*, *O estanque dos parrulos pobres*, *Chamizo*, *O misterio do cemiterio vello*, *Ás de mosca para Anxo*, *A lagoa das nenas mudas...* ou aos lectores mozos, con *Mutacións xenéticas*, *A noite dos Coroides*, *¡Prohibido casar, papá!*, *A máscara de palma*, *Lúas de nácar*, *¿Sobrevives?*, *¡Asústate, Merche!*...

É a súa unha literatura que fala dende a voz da rapazada, ese descubrir por primeira vez o mundo e facelo dende os seus propios esquemas, utilizando moitas veces o monólogo interior para adoptar o punto de vista de cada un dos personaxes. O humor é un ingrediente fundamental que chega esa farangulla de sal imprescindíbel para poder dixerir uns temas que responden ao empeño da autora por non lles ocultar nada aos máis pequenos. Un humor con contido positivo no que se xoga coas frases feitas ou os malentendidos e unha realidade que non mente, abordando todos os problemas sen censura, para non deixalos bloqueados na infancia, a morte ou a enfermidade, diferenzas e deficiencias de calquera tipo, a soidade... Ningún tema é alleo á súa obra, dende a inxustiza á inmigración, os misterios cos que nos atopamos ao longo da vida ou os camiños que percorremos na busca da madurez ou de algo que aínda descoñecemos, a presenza dos sentimentos e das emocións. Os avós son unha constante na súa obra e a relación que se establece entre eles e os pequenos unha fonte de riqueza expresiva e ética; outra constante serán os animais, eses cans e gatos que acompañan a vida dos humanos e cos que se establecen afectos.

Para rematar, podemos tomar as súas palabras para afirmar a modo de decálogo:

- Que os nenos e nenas teñen dereito a divertirse con boa literatura.
- Que non debemos obsesionarnos con que son o noso futuro senón o seu presente.
- Que non só debemos presentarlles o lado bo da vida, aínda que tampouco convén descoñecer o valor da utopía.
- Que os mundos inventados para os pequenos han de servir de motivo de reflexión e discusión, reivindicando a igualdade de sexos, cultivando as ideas de paz, xustiza, tolerancia, defensa da natureza, respecto aos demais...
- Que non é preciso obsesionarnos con ter tino coas mensaxes que poidan incitar á xenofobia, o racismo, o consumismo, a violencia ... Abonda con que non sexamos xenófobos, racistas ... e notarásenos sen que semellen imposicións.
- Que debemos fuxir das historias ñoñas ou simplonas pois a literatura ha de despertar curiosidades.
- Que na linguaxe dos nenos e nenas pódense expresar os pensamentos máis profundos.
- Que a obriga dos adultos é dar luz ás súas zonas de penumbra.
- Que os rapaces e rapazas son seres pensantes, máis novos ca nós pero non menos intelixentes.
- Que, o mesmo que non é un delito non ter a quen dicirle "quérote" nin quen cho diga, tampouco o é non querer ler, só é unha mágoa...



Fina Casalderrey na biblioteca. Actividades

- Realizar unha exposición con todas as obras da autora.
- Observar que artistas as ilustran.
- Documentarse acerca desta escritora na biblioteca escolar e na biblioteca pública.
- Realizar unha busca na rede sobre Fina Casalderrey, localizar a súa páxina web e bibliotecas virtuais ou librerías nas que poder atopar as súas obras.
- Buscar os libros adecuados á idade do grupo de alumnado.
- Localizar os títulos dos seus libros e observarlos ben, ata concluír cales levan signos de exclamación ou interrogación, cales teñen a mesma estrutura... Con base nisto, podemos propoñerlle novos títulos á autora.
- Elaborar as preguntas que nos gustaría facerlle á escritora nunha entrevista. Pasarllas á súa páxina por se quere contestarnos.
- Enviarlle os comentarios dos libros dela que temos lidos.
- Realizar carteis promocionais coas últimas novidades desta escritora.
- Expliquemos esta cita de Fina Casalderrey: "Os idiomas son traxes cos que se viste a palabra nos diferentes puntos do planeta, acomodados a cada cultura, a cada clima, a cada paisaxe...", "Falar o mesmo idioma é beber da mesma auga", "As pequenas cousas axudan a quitar grandes e libres conclusións a quen as escoita".
- Deseñar un marcalecturas para os libros desta escritora.
- Escribir textos para os seus títulos: *Eu son eu*, *Derradeira carta aos Reis Magos*, *¿Quen me quere adoptar...?*
- Adiantar o argumento que pode haber detrás dos títulos: *A lagoa das nenas mudas*, *O estanque dos parrulos pobres...*






María Mariño (Noia 1907 – O Courel 1967)

Nace en Noia en 1907, no seo dunha familia humilde, razón pola que terá que deixar axiña a escola e traballar como costureira. Os anos da Guerra Civil coincidenlle no País Vasco e, de volta a Galicia, pasa a vivir en Escarabote. Alí, accederá á biblioteca da torre de Goiáns, pois ten unha tía traballando de cociñeira no pazo; por eses tempos, impartíralles clase aos máis pequenos. Casa cun mestre e pasarán a vivir naqueles lugares nos que el exerce: Arzúa, País Vasco e O Courel, onde coñece o poeta Uxío Novoneyra que a animará a escribir. O matrimonio perde o seu único fillo ao pouco de nacer e, o 18 de maio de 1967, morre María Mariño a causa dunha leucemia.

Poeta autodidacta, con poucas lecturas e moita influencia de Rosalía, Novoneyra e a poesía popular. Comeza a escribir en 1957 e publica un libro en vida, *Palabra no tempo* (1963), con prólogo de Otero Pedrayo e unha ilustración de Raimundo Patiño. Méndez Ferrín definiuno como o libro máis inquietante, desconcertante e novo dos publicados no seu tempo.



Posteriormente, en 1990, verá a luz o seu poemario póstumo *Verba que comeza*, nunha edición patrocinada polo Concello de Noia, promovida por Novoneyra e Avilés de Taramancos que, por aqueles anos, era concelleiro da vila de nacemento da escritora. Fora el tamén quen, dende a asociación cultural Catavento, organizara a primeira das homenaxes a esta autora. Aínda na anguria desta obra que recolle a premonición da morte, a escritora

semella agarrarse á vida cun título inaugural *Verba que comeza*, igual que tempo despois fará Avilés de Taramancos, cando titula *Obra viva* á recompilación de textos que realiza cando coñece a inmediatez da morte.

Segundo a información de Novoneyra, María Mariño deixou un par de libros, inéditos, en castelán *Los años pobres (Memoria de guerra y posguerra)* e *Más allá del tiempo*; un deles verá a luz neste ano.

A súa obra foi considerada, dende sempre, moi persoal e singular. Independente de calquera escola ou xeración literaria, escribe unha poesía de natureza íntima e profunda que vai ao cerne da existencia, unha poesía de grande expresividade que semella dialogar coa natureza e disolver a propia identidade na materia, unha poesía na que a paisaxe do mundo se fai paisaxe interior, unha poesía intemporal nacida da autenticidade e dun sentido tráxico do ser..., tal como dela escribiron. Otero Pedrayo deixou dito que para entendela talvez se precise un noviciado de soidade e de silencio e Novoneyra chamoulle “dinamiteira da fala”, pola maneira de forzar a norma gramatical e rachar a estrutura do idioma levándoa ata o límite.

Esta “caracola perdida no Courel”, como alguén a denominou, foi durante moito tempo unha gran descoñecida, unha poeta ignorada. A súa biografía e obra, así como a recepción desta, son un claro exemplo do papel da muller na sociedade.

María Mariño é a terceira muller á que a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras Galegas, despois de Rosalía de Castro e Francisca Herrera.



María Mariño na biblioteca escolar. Actividades

- 🕒 *Elaborar unha biografía de María Mariño, despois de buscar información na biblioteca escolar: enciclopedias, monografías, internet...*
- 🕒 *Buscar os libros desta autora na biblioteca.*
- 🕒 *Realizar unha selección de poemas desta escritora despois de ler a súa obra.*
- 🕒 *Buscar poemas nos que se poida apreciar algún dos trazos cos que a definen os críticos.*
- 🕒 *Ilustrar algún dos seus poemas con diferentes técnicas.*
- 🕒 *Localizar poemas que outros autores lle teñen dedicado a María Mariño.*
- 🕒 *Realizar acrósticos co seu nome ou algún outro tipo de xogo de creación literaria.*
- 🕒 *Informarse sobre os autores que escriben sobre María Mariño.*
- 🕒 *Documentarse sobre os outros autores aos que se lles dedicou o Día das Letras.*
- 🕒 *Con base na actividade anterior...*
- 🕒 *Observar cal é a porcentaxe de homes e mulleres e argumentar acerca da causa deste feito.*
- 🕒 *Discriminar cales son poetas, narradores...*
- 🕒 *Situarlos no século no que viviron, con base nunha especie de liña cronolóxica.*
- 🕒 *Situar nun mapa os lugares nos que viviu esta escritora.*
- 🕒 *Comparar a vida e a obra desta escritora coa de Rosalía de Castro e realizar un debate acerca da discriminación da muller, tanto nunha época coma na outra, e como isto se pode reflectir na obra de ambas.*
- 🕒 *Buscar datos sobre Raimundo Patiño.*
- 🕒 *Deseñar un marcapáxinas en homenaxe a esta escritora.*
- 🕒 *Para situar a autora nos seus lugares, visualízase algún audiovisual no que apareza Noia, O Courel...*
- 🕒 *Localizar outros artistas do seu tempo.*

*Fala por boca do mundo e fai que
o mundo entoe o himno dela.
Méndez Ferrín*

Blogs, unha idea cuxo tempo é chegado

“Ninguén pode parar unha idea cuxo tempo é chegado”, esta cita de Víctor Hugo foi empregada no seu relatorio por Mario Núñez, profesor e *blogguer* ou *blogfesor* como el prefere que lle chamen, no I Congreso de Blogs Educativos celebrado en Porto Rico.

Mario está convencido de que somos quen de transformar o proceso de ensino-aprendizaxe, ao integrar a tecnoloxía na nosa profesión; esas novas tecnoloxías da información e da comunicación que dende hai pouco menos dunha década están transformando as nosas vidas, os nosos traballos, os nosos xeitos de comunicarnos e relacionarnos.

Non podemos quedar alleos a estas mudanzas que se producen na sociedade e, nas bibliotecas escolares, ou nos ancoramos no pasado ou nos preparamos para participar na construción do “coñecemento colectivo” que nos levará á sociedade do futuro, sendo como é a biblioteca punto de encontro para facilitar o acceso á información e á cultura, estimulando a aprendizaxe e propiciando a igualdade de oportunidades.

Estes cambios producidos polas novas tecnoloxías xeran novas necesidades nos nosos usuarios e cómpre preguntármolos: como podemos dende as nosas bibliotecas responder a estas demandas? Sen ningún xénero de dúbidas, empregando as novas ferramentas e aprendendo as novas linguaxes de comunicación que a internet e a actual cultura dixital pon nas nosas mans.

Estamos asistindo a unha auténtica revolución na “arañeira”, onde os novos valores que terman dela son, entre outros, a participación, a interacción, a intelixencia colectiva ou as redes sociais.

Os blogs convertéronse no máximo expoñente desta revolución por moitas razóns, pero principalmente pola extraordinaria facilidade de uso que leva consigo unha sorprendente celeridade na actualización dos seus contidos, por fomentar o diálogo e con iso a participación e a creación de



contornos colaborativos e, asemade, pola capacidade que teñen de fusionar contidos variados e espallados coas nosas achegas persoais, para deste xeito construír un “coñecemento compartido” que integra o poder da colectividade e o valor de cada individuo.

Por todo isto, ánimovos vivamente a empregar os blogs nas vosas bibliotecas: para proxectalas alén do seu propio espazo físico; para divulgar as vosas actividades, experiencias, recomendacións...; para procurardes novos espazos de colaboración e encontro con persoas que teñen as mesmas inquiredanzas e están loitando polos mesmos obxectivos ca vós e, dun xeito moi especial, para acadardes, mediante a participación dos nosos usuarios, uns servizos que lles proporcionen aquilo que precisan e que nos demandan.

E para botar a andar o blog da nosa biblioteca, como todo novo proxecto ao que nos enfrentamos, debemos adoptar certo ton de descaro e termos a ousadía que cómpre para asumirmos os riscos que leva consigo estar dispostos a cometer erros, a non ter que agardar a conseguir algo perfecto para poñelo en práctica. Porque baseándonos na experiencia, no traballo continuo e na resposta que ese traballo produce entre os usuarios, podemos mellorar sen interrupción o noso proxecto, o noso blog.

Teño o convencemento de que os blogs atoparon nas bibliotecas o escenario axeitado para o seu emprego e son, ademais, a forma máis sinxela de engancharnos ás novas ferramentas tecnolóxicas que inevitablemente irán aparecendo nun futuro moi próximo. Porque, lembrade..., “ninguén pode parar unha idea cuxo tempo é chegado”.

José Antonio Alonso Martín

<http://bibliweb.blogspot.com>

A nosa biblioteca 3.0


**Blog dunha biblioteca escolar
IES As Mariñas de Betanzos**

*Ninguén pode
parar unha idea
cuxo tempo é
chegado*



As bibliotecas escolares galegas soben á rede

<http://biblioblogs.googlepages.com>



INFORMACIÓN

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Subdirección Xeral de Centros
Asesoría Bibliotecas Escolares: bibliotecasescolares@edu.xunta.es

